

D. JULIO GALLEGO MOURE, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAMOS (LUGO).-

## FAI SABER:

A lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia recolle as obrigas dos particulares neste suposto:

Será obrigatorio para as persoas responsables ( persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre terreos forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal), xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de **50 metros** perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, ubicadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios de xestión de biomasa estipuladas na presente lei e a súa normativa e desenvolvemento (artigo 21). Ademáis, **nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei que son: Piñeiro silvestre, Piñeiro de Monterrei, Piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, xesta, queiruga, fento, silva e toxo.**

Advírtese que, no caso de incumprimento das obrigas por parte das persoas responsables, os entes locais poderán notificarlle a súa obriga de xestión de biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrucción do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas, se é o caso, segundo o procedemento establecido no artigo 22 da mencionada lei de incendios.

Samos, na data da sinatura dixital da marxe

O alcalde,

